

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº73/ Ano: 2023 / 1º xornal Mes de setembro / Estado de Comezo do Curso

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



O tema do lixo e da reciclaxe, sempre foi un problema en Ons. Foto dos anos 90 s.XX, a reciclaxe, pouco cambiou dende aquela. **Páx. 1**



Seica as gaivotas enferman no Parque Nacional. Cal será o problema? **Páx. 1**



Por que Parques non pon os medios para que os veciños leven a cabo unha agricultura ecolóxica de autoconsumo? O veciño, especie en perigo de extinción en Ons!!! **Páx. 2**



Poderá ser a compostaxe un medio para unha agricultura ecolóxica en Ons e, de paso, solucionar, en parte, o problema do lixo? **Páx. 2**



A tapadeira da Laxe do Crego, ten mellor cama no C. de Visitantes. **Páx. 3**



Adeus, ao último Fareiro. **Páx. 3**



Grandes barcos de vela arribaron a Cíes e esqueceronse de Ons. **Páx. 4**



Hai perigo de derrube do camiño que vai dende Curro a Pereiró? **Páx. 4**



O piorno de Cesáreo serve de inspiración a unha gran deseñadora de moda. **Páx. 5**

Aurita, unha muller de lenda na Illa de Ons. **Páx. 5**



Percebes de 10 para un gran percebeiro, Alvarito. **Páx. 7**



Festa do Pescador. **Páx. 7**



Homenaxe a Moncho Meis, un dos primeiros médicos dos campamentos de Ons. **Páx. 6**



SOBRE O LIXO EN ONS

O 19 de xaneiro de 2023, liamos na prensa que a Consellería de M. Ambiente adxudicara o tema do lixo en Ons á empresa cántabra Ascán durante 2023 e 2024, por 114.414 €.

Comentaban que esta empresa ía a elevar os servizos a prestar, moi por enriba do que se lle pedía, como eran: Limpeza antes da Semana Santa dos camiños da Illa. Durante o verán ata sete limpeza deses mesmos camiños. Dúas campañas de sensibilización da poboación auniense con respecto á reciclaxe. Charlas divulgativas aos veciños e hostaleiros con temática sobre a separación de residuos. Reparto de bolsas para a recollida selectiva. Traslado en barco dos residuos a Bueu. E que o persoal sería de tres persoas en horario diúrno.

Ben, polo menos que eu saiba non houbo queixas dos veciños sobre a recollida do lixo o que, nun principio, fai pensar que funcionou.

Do que teño grandes dúbidas é que se verdadeiramente fixo o seu traballo a empresa Ascán, xa que non vin persoal novo encargado desa recollida,. Tamén dubido moito, xa que preguntei aos veciños, se houbo as charlas de concienciación sobre reciclaxe e si se realizou a recollida selectiva.

Pineiróns leva pedindo dende hai anos nos seus Informes e escritos á Consellería e Parques, que se realice, antes do verán na Illa ou en Bueu, unhas charlas divulgativas ou de educación ambiental, a veciños e propietarios de negocios sobre reciclaxe, emprego de materiais de limpeza menos agresivos, sobre o uso da auga e da luz,..., e, en especial, sobre a eliminación de aceites e graxas nas vivendas, para o que debería haber un contedor especial por barrio, zona ou grupo de casas para que depositen alí eses produtos e non vaian cara ás depuradoras ou ás fosas sépticas.

Nestas cousas pequenas, é cando se mira o bo funcionamento dos políticos e, no caso da reciclaxe que tanto pregoa e gasta un mundo de cartos en concienciación a Consellería de Medio Ambiente, en Ons, onde o tema do lixo depende exclusivamente desta Consellería, non o levan a cabo. **Incríble.**

Polo momento non vou a entrar máis neste tema, pero resulta estraño que non o toquen as asociacións ecoloxistas e veciños.

Esperemos que todo fose segundo o comunicado pola Consellería.



Contedor único por vivenda.



ONS NA MEMORIA

A finais de agosto, un compañeiro metido nas redes sociais, informoume que en Facebook hai unha páxina co título “Memorias de Bueu” onde insiren fotos, polo xeral antigas, sobre este municipio.

Pedíume que lle mandara para inserir, unha foto das Festas de Ons antiga e envíelle está da procesión polo peirao onde se miran un bo número de barcos fondeados. Eu téñoa datada como do ano 1977.

Sei que nos comentarios díxéronlle que non podía ser dese ano porque non había eses barcos en Ons. Eu díxenlle que si había e mandeille varios nomes para que os puxera e pescudaran; como son: Santa Silva, Cro, Catro Vientos, Jabena, Tacho, Audaz, Vendaval, Sardiña,..., que eran de Ons; pero á vez que tiveran en conta que, por aquelas datas, o día da Festa, achegábanse a Ons barcos pesqueiros de Bueu, Portonovo, Raxo, Corbaceiras, O Grove,..., e ata de varios puntos da zona do Barbanza, co que, polos barcos que aí estaban fondeados, non podemos dicir que non é a foto dese ano.

Aquí queda para novas suxestións.



AS GAIVOTAS PATIAMARELAS, ENFERMAN

Nun comunicado do Parque Nacional, din que as gaivotas do Parque están afectadas por un proceso de orixe descoñecida que nomean Síndrome Parético, que vén sendo un enfraquecemento da contractilidade da musculatura. Xa o teño dito en varias ocasións, fáltalles comida sa. Xa non van aos peiraos, nin detrás dos barcos da sardiña,..., nin tan sequera aos grandes depósitos de lixo das cidades, agora aliméntanse nas praias, nas terrazas, nos camiños,..., roubándolle a comida a nenos e maiores, en especial, chuches, bolaría, bocadillos, churrasco,..., e ata cámaras de vídeo nas Cíes, polo que deben ter un alto índice de colesterol. Aí está a clave, non fai falla gastar cartos en importantes investigacións, haberá que levalas ao nutricionista de cabeceira.



Arriba: Terras traballadas de Manolo Patiño. Canexol.
Abaixo: Fincas agrícolas de Rosiña. Pereiró

AGRICULTURA EN ONS

Sigo coa miña teima de que Ons contaría con máis veciños que pasan todo o ano na illa, se as administracións lles puxeran as cousas máis doadas en servizos, rebaixas no imposto sobre os terreos,..., e facilitarán asesoramento e maquinaria para os labores agrícolas.

No mar, polo xeral, xubilábase a unha idade que lles permitiría levar unha vida tranquila e saudable no berce auniense que os veu nacer. Mirámolo como exemplos: na familia de Rosiña, Cesáreo, Pepe de Miro,..., e noutros que pasan longas tempadas e practican a agricultura como Arturo Goberna, Manolo Patiño,...

A maleza crece sobre terras que son moi produtivas e cada ano teñen que estar pasando as máquinas para desbrozar e así evitar incendios. Non sería máis fácil poñer ao servizo dos veciños a maquinaria necesaria para sementar, que as coiden e despois volvela a poñer para a colleita? Todo sería máis ecolóxico, os campos estarían coidados, evitaríanse os incendios,..., e non tería que pasar un tractor varias veces ao ano para limpalas. Loxicamente, os veciños terían que pagar o uso desa maquinaria cada vez que o necesitaran.

Esta claro que é a propia administración a que provoca a *Galicia Baleirada*, ao ser incapaz de buscar solucións prácticas para que iso non ocorra.

Estou seguro que se a Consellería de M. Ambiente e Parques pon ao servizo dos veciños a maquinaria imprescindible, Ons acollería a máis aunienses que vivirían alí todo o ano, pois terían asegurado o seu sustento. **Pregunta:**

En Ons non hai veciños porque non hai servizos? Ou, non hai servizos porque non hai veciños? Con este goberno galego e os xestores do Parque, a resposta é doada.

A COMPOSTAXE EN ONS


(Fotos: Adrián Ferrer)

O mestre composteiro Adrián Ferrer e o amigo e veciño Juan Comesaña da casa nº 85 do barrio de Pereiró, levaron a cabo a experiencia dun composteiro en Ons hai un ano. Adrián, por motivos alleos á compostaxe, non puido rematalo, pero Juan si, conseguindo un compost de gran calidade que lle serviu, grazas á aportación ao final do verán de algas e restos vexetais, para empregar nunha pequena horta arredor da súa casa.

O resultado podémolo ver nas fotos, unha patacas de excelente calidade, uns tomates e unhas cebolas do mellor e ata sacou adiante uns pementos tipo Padrón.

A compostaxe pode ser unha saída ao lixo orgánico das casas e, á vez, favorecer en Ons a agricultura ecolóxica.


Nas mans da administración e, sobre todo dos veciños, está en poñer a andar de novo unha agricultura de autoconsumo que axude á volta dos veciños ás súas raíces e a unha mellor alimentación.



SALA ARQUEOLÓGICA E ETNOGRÁFICA NO CENTRO DE VISITANTES DE ONS

Cando o día da Festa de Ons fomos ao Centro de Visitantes á actividade “O mar en 360º”, esta estabábase a realizar na sala de vídeo e exposicións. Dá a casualidade que alí estaba exposta a Tapadeira da Laxe do Crego, pero, o que son as cousas, non nos decatamos naquel intre de que xa non estaba alí; foi despois, cando puxemos a foto en Onstopus e falamos desa interesante actividade, cando nos demos conta.

Aproveitando o fin de semana do 10 de setembro, achegámonos de novo ao Centro e puidemos comprobar con gran asombro, polo logrado que está e a magnífica idea, a recreación da Laxe do Crego e a suposta posición da súa tapadeira. Excelente idea, aínda que falta un pouco de explicación que, supoño, a prepararán para o próximo ano, se de verdade cumpren coa promesa feita en xullo de 2022, de que esa sala vai dedicarse a exposición Arqueolóxica e etnográfica. Quedaremos á espera. **PARABÉNS** para quen tiyo a idea.



Fotos: Varu Camawei.



A SOIDADE DO ÚLTIMO FAREIRO

Dende finais do século XIX está en funcionamento o Faro de Ons. Moitos foron os Fareiros que por el pasaron e podo asegurar que, a carón do seu labor como Técnicos de Sinais Marítimos, fixeron en Ons

un enorme labor social, axudando aos veciños en todo o que necesitaran, dende mestres, a médicos, pasando, como especialistas que eran en electrónica, arranxarlles todo tipo de pequenos electrodomésticos e ata facer de árbitros nos partidos que se organizaban preto do Faro.

O día 1 de setembro, marchou o último Fareiro de Ons, todo está xa automatizado, pero só un pequeno grupo de veciños de adopción, foron a despedido. Espero que o próximo ano, os veciños se acorden deles á hora de homenaxear a quen deu moito pola Illa.

SALGADORIO DE SUXESTIÓNS

“GRAZAS ONSTOPUS”

Un lector pásame unha interesante carta, da que quero extraer uns pequenos parágrafos: “...Tuve la suerte de compartir grandes momentos contigo y con la pandilla que formabais en Ons, pero yo era un veraneante del montón que alquilaba una casa y pasaba unos días de tranquilidad, lectura, playa e algún paseo, lo que provocaba que mi conocimiento de la isla fuera mínimo..., pero desde que sacaste este, como tú le llamas, minixornal digital, la estoy descubriendo en profundidad y compruebo todo lo que me perdí en aquellos años.

Veo que Ons es una isla con una importante historia, con una comunidad vecinal de enorme interés, con unas costumbres que solo se vivían en lo que dieron en llamar la “Galicia Profunda”, y un largo etcétera.

Este pasado verano 2023 volví a Ons, pasé dos días, pero la recorrí con tus ojos, siguiendo y observando todo lo que nos comunicas en este periódico. Cuantas cosas nuevas descubrí en las que antes no reparara...

A seguir trabajando, desde estas letras mi ánimo Tino...”

Moitas grazas polas túas palabras que, como ben dis, animan a seguir traballando. Envíoches os enlaces á revista AUNIOS que editamos os que formamos a asociación PineirÓns, é unha revista máis seria e con artigos sobre Ons e a súa contorna que, supoño, veralvos moi interesantes.



GRANDES VELEIROS NAS CÍES

A principios do mes de setembro e chegados dende a Coruña, moitos dos grandes veleiros participantes Tall Ship Races Magallanes-Elcano, fixeron parada fronte ás Illas Cíes. Que pena non velos pasando diante de Ons, debe ser unha illa de 2ª categoría.

Fotos: Álvaroito

ONS ARQUEOLÓXICA Salga de Canexol

Estamos a piques de entrar no outono. Os temporais no mar comezarán axiña e o xacemento romano de Canexol, en especial, as pías de salga que están no pequeno cantil da praia, corren perigo.

Como coincida unha marusía cun temporal, o mar chegará sen ningunha dificultade ao pé dese cantil, correndo perigo de derrube que afectará, non só ao xacemento arqueolóxico, senón ao propio camiño de rodeiras que vai de Curro a Pereiró.

A Consellería e Parques teñen que buscar solucións xa. PineirÓns e eu en particular levámolo pedindo dende que Paula Ballesteros redescubriu ese xacemento e, ela mesma e os seus colaboradores/as, tamén dende 2009. Posteriormente outros arqueólogos tamén deron aviso dese perigo de derrube e ultimamente, nas excelentes escavacións levadas pola Uvigo ao mando do arqueólogo Adolfo Fernández, tamén llo fixeron saber á administración.

Seguimos sen ver ningún avance neste punto, nin tan sequera entra nos seus plans, cando está tamén en perigo o único camiño cara a Pereiró. Como pasa na Administración, e máis na galega, terá que ocorrer algo irreparable para que despois decidan tomar cartas no asunto, cando xa estea todo perdido.

Temos claro que de pasar algo, que pasará máis cedo que tarde, os responsables serán os actuais xestores do Parque.



Na foto, sacada o 9 de setembro de 2023, vese o deterioro do cantil e o descoidado que está o xacemento (no círculo).

QUE “VIRUS” ATACARÁ A ESTAS ÁRBORES

No mesmo espazo, hai uns poucos anos, había outro grupo de acacias cunha seca provocada. Dende Pineiróns pedimos a retirada desas árbores e que no seu lugar, xa que é unha zona preparada para descanso dos visitantes, se plantaran outras árbores autóctonas, a ser posible, de rápido crecemento. O único que fixeron foi cortalas e crear un acceso dende o camiño de rodeiras cara a esa área de descanso con mesas.


Pasaron uns poucos anos e, de novo, aparecen outras acacias secas, case seguro, provocado por Parques.

Non entendemos estas formas de actuación. Se hai que retiralas segundo estudos técnicos feitos por persoal profesional, adiante, pero ter xa programado unha nova plantación que dea sombra a esta área.



O PIORNO DE CESÁREO MARCA TENDENCIAS

Nesta pasada primavera, a deseñadora “Aghata Ruíz de las Ons”, estivo na Illa buscando, na súa luminosidade e natureza, ideas para o seu particular xeito de deseñar moda. Marchou con moitas ideas e bosquejos, pero non foi ata agosto, que volveu de novo, cando, ao pasar por Pereiró algo provocou nela un lóstrego de imaxinación e de aí saíu a nova liña de finais de verán que denominou <<CésarPior>> (*Traducido: Piorno de Cesáreo*), na que de seguido se puxo a traballar, podendo ver pola illa, xa no mes de setembro, os seus deseños convertidos en moda que, de seguro, triunfarán na próxima temporada.



ENLOSADO DE CURRO

Disque van arranxar toda a zona de Curro cunha boa cantidade de cartos.

Entre as cousas a cambiar é o lousado que dende hai máis de 15 anos puxeron dende o cruce de Chan da Pólvora ata o peirao continuando ata a depuradora.

Foi moi criticado no seu momento, pero dende Parques consideraron que estaba ben. Agora, que xa nos habituamos a el, Parques, di que non está acorde co Parque.

Ata as serpes adaptáronse. Cambiarán a parte que vai de Chan ao Faro?


AURITA, aos seus 86 anos, segue tan louzá como na súa xuventude, despois de pasar por varios dolorosos trances vitais, está coma unha rosa. É desas poucas mulleres aunienses que poden aínda explicar e contarnos como era a vida de antano na Illa.

Fotos: *Arriba* na súa casa auniense o 10 de setembro. *Abaixo*: Cortando o xabón que fixera coas súas mans, finais dos anos 70 s. XX.


MINIXORNAL DIXITAL **ONSTOPUS**

Cun pouco de retraso sae á luz un novo tomo de Onstopus que custodia os números que van do 47 ao 65, cumpríndose o terceiro ano dende que se puxo en marcha este minixornal dixital sobre a Illa de Ons. Esperamos siga a súa traxectoria e que no mes de abril de 2024 vexamos o cuarto tomo.

Grazas a todos pola súa lectura e boa acollida.



Onstopus
MINIXORNAL DIXITAL SOBRE
A ILLA DE ONS




abril 2020 - abril 2021
Números: 0 ao 27




Onstopus
MINIXORNAL DIXITAL SOBRE
A ILLA DE ONS



Abril 2021 – abril 2022
Números: 28 ao 46



Onstopus
MINIXORNAL DIXITAL SOBRE
A ILLA DE ONS



Abril 2022 – marzo 2023
Números: 47 ao 65



Aparece unha **TONIÑA** morta nos cantís da banda oeste da Illa de Ons, no lugar coñecido como “*Onde morreron os homes*”, topónimo debido á desgraza que sufriron dous mariñeiros do barco meco <Larexo>.

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/03/Onstopus-03.pdf>



HOMENAXE
Moncho Meis

sábado, 23 de setembro
19:00h no Monte Central da Toxa
(se chove trasladarase á Casa da Cultura)

Falarán:
Begoña e Marta (compañeiras no CES)
Suso Domínguez (compañeiro no BNG)
Román Gómez (compañeiro no OES)
Uxío Meis (representando á familia)

Presenta: **David Torres** (voceiro do BNG)

Coa intervención musical de:
Os Mecos de Ogrobe

Organiza:
bng

HOMENAXE A MONCHO MEIS


Fai un ano e medio que deixounos Moncho Meis, primeiro Presidente do Colectivo Ecoloxista do Salnés, agrupación que formou xunto a outro meco de pro, Luís Rei.

Tiven a honra de coñecelo en Ons, xa que a principios dos anos 80 s.XX, case recién rematada a licenciatura, estivo de médico na Illa para os Campamentos e Campos de Traballo que Cultura montaba na illa. Destacar a súa excelente dedicación profesional alí, que fixo extensible a veciños e a todos os que necesitasen atención médica.

Quero unirme a esta ben merecida homenaxe.

Xaquín Rodríguez Pomares, dedicoulle estas fermosas palabras (Faro de Vigo, Arousa, 05/04/2022):

Moncho, que saibas que agora no teu retorno á terra vas poder ser o arrecendo de mil flores, a gomariza de mil vidas, as notas que entoan cantando ao roibén... Todo o que ti soñaches.



PERCEBES DO PRIMERÍSIMO MÍO

Aquí temos aos pais do noso amigo e colaborador <Alvarito>, gran mariñeiro e mellor persoa. Posan orgullosos ensinando os percebes que o seu fillo pescou no Illote de Agoeira, nas illas Cíes, hai xa case cinco anos. Hai uns días, na prensa, falaban dun percebe de 17 cm que estaba exposto na Taberna do Náurico de Sanxenxo esperando por alguén que estivera disposto a comelo, loxicamente, pagando o importante prezo que tería xunto aos demais do lote que non eran nada desprezables. No caso de Alvarito, eses percebes de un pouco máis de 17 cm, serviron de agasallo para os seus pais, que o teñen ben merecido.

FESTA DO PESCADOR EN ONS

Dende hai anos, chegado o mes de setembro, o Bar Lonxa celebraba a súa Festa na Illa cos camareiros/as e amigos. Contaban que, polo menos nas primeiras, as propinas de todo o ano ou do verán, non se repartían senón que se ían gardando para logo, en setembro, celebrar esa magnífica Festa de confraternidade. Co falecemento do Sr. Vilas, alma mater da Lonxa, quedou un baleiro que vén de recuperar Alex coa Festa do Pescador, bar-restaurante de Portonovo, que tamén invita aos seus profesionais e amigos a dous días de Festa rachada en Ons. Parabéns para Alex.



Carmucha e as pandereteiras.